



# *Prácticas académicas externas do estudantado*



(Aprobado no consello de goberno do 29 de abril de 2021)



# Regulamento de prácticas académicas externas do estudiantado da Universidade de Vigo

## Contidos

CAPÍTULO I. Definición, obxecto e requisitos xerais das prácticas externas .....	5
Artigo 1. Obxecto e réxime xurídico .....	5
Artigo 2. Ámbito de aplicación.....	5
Artigo 3. Definición, características e natureza .....	5
Artigo 4. Obxectivos .....	6
Artigo 5. Estudiantado destinatario.....	6
Artigo 6. Duración, dedicación semanal e horarios .....	6
Artigo 7. Seguros .....	7
Artigo 8. Requisitos do estudiantado solicitante .....	7
Artigo 9 . Requisitos das entidades colaboradoras .....	8
Artigo 10. Requisitos dos titores/as de prácticas externas .....	9
CAPÍTULO II. Organización e xestión das prácticas externas.....	9
Artigo 11. Convenios de cooperación educativa.....	9
Artigo 12. Formalización, seguimento e acreditación.....	10
Artigo 13. Prácticas externas curriculares .....	10
Artigo 14. Prácticas externas extracurriculares.....	11
Artigo 15. Organización e programación temporal.....	11
Artigo 16. Prácticas en centros, servizos e unidades propios da Universidade de Vigo .....	11
Artigo 17. Comisión xeral de prácticas académicas externas .....	12
CAPÍTULO III. Efectos académicos e recoñecemento .....	13
Artigo 18. Avaliación da práctica .....	13
Artigo 19. Efectos académicos e recoñecementos .....	13
CAPÍTULO IV. Resolución de conflitos .....	13
Artigo 20. Rescisión anticipada das prácticas e denuncia dos convenios de cooperación.....	13
CAPÍTULO V. Calidade e protección de datos.....	14
Artigo 21. Garantía de calidade das prácticas externas .....	14
Artigo 22. Protección de datos .....	14
DISPOSICIÓN ADICIONALIS.....	14
Disposición adicional primeira. Instruccións .....	14
Disposición adicional segunda. Contacto habitual con menores de idade .....	14

# Regulamento de prácticas académicas externas do estudiantado da Universidade de Vigo

Aprobado no consello de goberno do 29 de abril 2021

## Preámbulo

Os cambios normativos, unidos ao incremento da demanda de realizar prácticas externas por parte do estudiantado matriculado na Universidade de Vigo, así como a indubidable importancia destas de cara a facilitar a preparación do estudiantado para o exercicio profesional, fan necesario elaborar un novo regulamento.

O presente regulamento de prácticas académicas externas do estudiantado da Universidade de Vigo preséntase, polo tanto, para adaptarse ao marco legal existente na materia e proseguir co compromiso que a Universidade de Vigo posúe referido ao fomento da empregabilidade do seu estudiantado a través da realización de prácticas externas en empresas, entidades e institucións colaboradoras, así como en centros, servizos e unidades da universidade.

Este regulamento, que derroga o anterior, aprobado no consello de goberno do 24 de maio de 2012, supón un marco básico polo que se rexerán as prácticas académicas externas, tanto curriculares coma extracurriculares, do estudiantado da Universidade de Vigo en entidades colaboradoras e desenvólvese mediante as seguintes normativas:

- Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudiante universitario e, en concreto, os seus artigos 8 e 9 que recoñecen respectivamente o dereito do estudiantado de grao e de mestrado a dispor da posibilidade de realizar prácticas, curriculares ou extracurriculares, tanto en entidades externas coma nos centros, estruturas ou servizos propios da universidade, segundo a modalidade prevista e garantindo que sirvan á súa finalidade formativa, e a contar cunha titorización académica e profesional efectiva.
- Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas participantes en programas de formación, en desenvolvemento do previsto na disposición adicional terceira da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social.
- Real decreto-lei 8/2014, do 4 de xullo, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia (disposición adicional vixésimo quinta: bonificación á Seguridade Social polas prácticas curriculares externas do estudiantado universitario e de formación profesional).
- Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas do estudiantado universitario.
- Real decreto 822/2021, de 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de asegurar a súa calidade.
- **Real decreto-lei 2/2023, do 16 de marzo, de medidas urxentes para a ampliación de dereitos dos pensionistas, a redución da fenda de xénero e o establecemento dun novo marco de sostibilidade do sistema público de pensións. Disposición adicional 52.: Inclusión no sistema da Seguridade Social de alumnado que realice prácticas formativas ou prácticas académicas externas incluídas en programas de formación.**

A mencionada normativa estatal establece os requisitos xerais que deben cumplir as prácticas académicas externas, tanto curriculares coma extracurriculares, que lles dan autonomía ás universidades para promover, deseñar, seguir e avaliar as prácticas realizadas polo seu estudiantado.

Así, para cumplir a presente normativa, a Universidade de Vigo será a entidade responsable de xestionar e de mediar na sinatura dos convenios de cooperación educativa con empresas, entidades e institucións dirixidos a formalizar a incorporación do seu estudiantado en prácticas. Así mesmo, a Universidade de Vigo deberá establecer os mecanismos para garantir o normal desenvolvemento das prácticas académicas externas e, no seu caso, adoptar as medidas necesarias para alcanzar os seus obxectivos.

## Capítulo I. Definición, obxecto e requisitos xerais das prácticas externas

### Artigo 1. Obxecto e réxime xurídico

1. O obxecto do presente regulamento é o ordenamento das prácticas académicas externas (en adiante, as prácticas) do estudiantado matriculado en calquera das titulacións da Universidade de Vigo, coas excepcións previstas no artigo 8 deste regulamento, no que se nomean os requisitos das persoas solicitantes.
2. O marco legal que regula as prácticas externas está definido no disposto no preámbulo do presente regulamento, no propio regulamento de prácticas académicas externas do estudiantado da Universidade de Vigo aquí desenvolvido, nas instrucións específicas que del deriven, así como nas disposicións do plan de estudos de cada titulación e na normativa propia de cada centro docente.

### Artigo 2. Ámbito de aplicación

1. Entran dentro do ámbito deste regulamento as prácticas realizadas por:
  - a) O estudiantado matriculado nalgúnha titulación oficial (grao ou mestrado) ou nun título propio da Universidade de Vigo, pertencente tanto a centros propios coma adscritos.
  - b) O estudiantado procedente doutras universidades españolas ou estranxeiras que, en virtude de programas de mobilidade académica ou de convenios establecidos entre elas, se atopen cursando estudos na Universidade de Vigo ou nos seus centros adscritos, salvo que as normas que regulen o programa ou o convenio en cuestión disponan doutros requisitos.
2. Quedan excluídas do ámbito deste regulamento:
  - a) As prácticas de campo e outras actividades prácticas de materias recollidas nos plans de estudio, áínda cando se realicen fóra dos centros, e cando a súa natureza non se corresponda coa que o Real decreto 861/2010, do 2 de xullo, de ordenación das ensinanzas universitarias oficiais lles atribúe ás prácticas externas curriculares.
  - b) As prácticas externas realizadas no estranxeiro ao abeiro do Programa Erasmus.
  - c) As estadías en entidades colaboradoras para realizar traballos de fin de grao e traballos de fin de mestrado.

### Artigo 3. Definición, características e natureza

1. As prácticas constitúen unha actividade académica de natureza formativa realizada polo estudiantado e supervisada pola universidade, que permite aplicar e complementar os coñecementos adquiridos na súa formación académica.
2. Para os efectos académicos, as prácticas poderán adoptar dúas modalidades:
  - a) Prácticas curriculares, que se configuran como actividades académicas integradas nun plan de estudos con carácter obligatorio ou optativo. O tratamento destas prácticas curriculares é como o de calquera materia, tendo un número de créditos académicos asignados.
  - b) Prácticas extracurriculares, que áínda tendo os mesmos fins que as prácticas curriculares, non se inclúen no plan de estudos e teñen carácter completamente voluntario.
3. As prácticas curriculares reflectíranse no expediente do estudiantado, así como no suplemento europeo ao título, e do mesmo xeito constarán as extracurriculares a petición do estudiantado.
4. Para os efectos dos procedementos seguidos no desenvolvemento das prácticas, estas realizaranse preferentemente de modo presencial, áínda que se terá en conta tamén a posibilidade de que se fagan tanto a distancia, a través da modalidade en liña, coma de forma semipresencial. A modalidade das prácticas deberá reflectirse na documentación na cal se especifiquen as condicións de desenvolvemento das prácticas.
5. En canto ao lugar de desenvolvemento das prácticas, estas poderán realizarse tanto en entidades colaboradoras coma na propia universidade, segundo o disposto nos artigos 9 e 16 deste regulamento. O estudiantado da Universidade de Vigo tamén poderá realizar prácticas en entidades do estranxeiro. Neste caso, as prácticas deberán realizarse dentro do marco legal do país de destino.
6. A Universidade de Vigo manterá unha base de datos pública e actualizada coa relación de entidades

colaboradoras que dispoñan do convenio de cooperación necesario para recibir estudiantado en prácticas.

7. Se a realización da práctica esixise a necesidade de desprazarse fóra das instalacións da entidade colaboradora, deberá indicarse no proxecto formativo. No caso de que o estudiantado teña que realizar outros desprazamentos, estes deberán estar autorizados pola persoa titora académica.
8. Ao ser a natureza das prácticas estritamente formativa, de realizaras non se derivarán, en ningún caso, obrigas propias dunha relación laboral, nin o seu contido poderá dar lugar á substitución da prestación laboral propia dun posto de traballo.
9. En todo caso, procurarase que o proxecto formativo se conforme seguindo os principios de inclusión, igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal. En particular, a Universidade de Vigo, a través dos convenios de cooperación educativa, fomentará a accesibilidade para estudiantado con discapacidade.

#### **Artigo 4. Obxectivos**

Mediante a realización de prácticas, o estudiantado deberá acadar os seguintes obxectivos:

- a) Contribuír á súa formación integral, complementando a súa aprendizaxe teórica e práctica.
- b) Facilitar o coñecemento da metodoloxía de traballo adecuada á realidade profesional, contrastando e aplicando os coñecementos adquiridos.
- c) Favorecer o desenvolvemento de competencias técnicas, metodolóxicas, persoais e participativas, e a adquisición dos valores da innovación, creatividade e emprendemento.
- d) Obter unha experiencia práctica axeitada ao nivel de estudos cursados, como complemento formativo destes que mellore a súa empregabilidade e que facilite a inserción no mercado de traballo.

Ademais, a realización de prácticas polo estudiantado persegue achegar a universidade á sociedade promovendo vínculos de colaboración para a transferencia mutua de coñecementos e de resultados.

#### **Artigo 5. Estudiantado destinatario**

Poderá realizar prácticas o estudiantado:

- a) Matriculado en titulacións oficiais da Universidade de Vigo.
- b) Matriculado en títulos propios da Universidade de Vigo, sempre que a realización das prácticas estea recollida no seu plan de estudos ou, de ser extracurriculares, cando este teña un contido igual ou superior a 30 créditos ECTS.
- c) Alíejo, pertencente a outras universidades españolas ou estranxeiras, que goce dunha estadía de estudio na Universidade de Vigo en virtude de programas de mobilidade académica ou por convenios bilaterais.

#### **Artigo 6. Duración, dedicación semanal e horarios**

1. As prácticas curriculares terán a duración correspondente de acordo coa súa cuantificación en créditos na memoria de verificación do título. No caso de títulos propios, a duración das prácticas non poderá superar o 50 % dos créditos asignados e as prácticas poderán realizarse desde o comezo da docencia e só durante o período de duración do título no que teña a matrícula en vigor.
2. As prácticas extracurriculares terán unha duración mínima de 6 ECTS (150 horas), incluídas as horas de traballo autónomo do alumnado. Excepcionalmente, poderán ter unha duración inferior sempre que se trate de actividades profesionais concretas (interpretación, festivais etc.) ou estea debidamente xustificada. Nun mesmo curso académico, entendido este como ano escolar, a duración máxima do período total de prácticas extracurriculares por estudiante non poderá exceder o 50 % dos ECTS asignados ao último curso académico, no caso de titulacións de grao, ou a totalidade dos créditos, no caso de mestrados ou títulos propios.
3. Agás as prácticas das titulacións profesionalizantes reguladas, a duración total de prácticas nunha mesma entidade colaboradora, sexan curriculares ou extracurriculares, non poderá exceder os 30 créditos ECTS.

ao longo da titulación, sexa ou non de forma interrompida, e cuantificaranse para estes efectos 25 horas/ crédito.

4. Salvo que as características das prácticas ou a disponibilidade da entidade colaboradora así o xustifiquen, as prácticas curriculares se realizarán preferentemente a xornada completa, en períodos continuados e cunha dedicación de ao menos 4 días semanais. No caso de que as prácticas curriculares se realicen a tempo parcial, terán unha dedicación diaria mínima de media xornada. Correspondentes aos centros docentes ou, de ser o caso, ás comisións de estudios propios ou ás comisións académicas dos mestrados nos que os centros deleguen a xestión, estipular a dedicación diaria das prácticas de cada estudiante. No caso das prácticas extracurriculares e/ou remuneradas, a dedicación diaria poderá axustarse as necesidades da entidade colaboradora.

O horario de realización de prácticas establecerase de acordo coas súas características e a disponibilidade da entidade colaboradora.

5. As prácticas externas, tanto curriculares coma extracurriculares, serán compatibles co resto da actividade académica, formativa e de representación e participación desenvolvida polo estudiantado, prestando especial atención á asistencia ás probas de avaliación. En calquera caso, o réxime de permisos será acordado entre as persoas que titoricen a práctica e o/a estudiante no momento da súa formalización e deberá adaptarse ás normas que a universidade poida establecer.
6. Poderá ser excluído das prácticas o/a estudiante que acumule ausencias inxustificadas e/ou incumpra as actividades definidas no plan formativo ou as directrices marcadas polos tutores/as. En todo caso, a entidade colaboradora comunicaralle á universidade esta circunstancia, que iniciará a apertura un expediente no que se dea trámite de audiencia ao/á estudiante. De estimarse oportuno, ambas as entidades poderán acordar dar por finalizada a realización da práctica externa anticipadamente, coa perda dos dereitos formativos e, de ser o caso, económicos que correspo. ndan.

O estudiantado poderá xustificar a falta de asistencia ás prácticas por razóns de índole persoal, familiar ou pola realización de deberes inescusables de carácter social debidamente xustificados. A xustificación de ausencia deberá realizarse por escrito perante as persoas tutores tanto na universidade coma na entidade colaboradora e deberá estar adequadamente acreditada. O estudiantado deberá cumprir con polo menos o 85 % da duración prevista no plan formativo. No caso de ausencias prolongadas, as prácticas poderán suspenderse temporalmente ou rescindirse.

## Artigo 7. Seguros

1. O estudiantado da Universidade de Vigo matriculado nunha das súas ensinanzas oficiais ou propias e que realice prácticas estará cuberto polos seguintes seguros:
  - a) Seguro escolar, que inclúe a asistencia sanitaria ao estudiantado español ou estranxeiro menor de 28 anos, sempre que estea matriculado nunha titulación oficial das impartidas na Universidade de Vigo, resida legalmente en España e estea ao corrente da cota correspondente. O ámbito temporal de cobertura será o ano escolar.
  - b) Seguro de accidentes, subscrito mediante unha pólica colectiva de accidentes, que cubre todo o estudiantado (incluído o maior de 28 anos).
  - c) Seguro de responsabilidade civil, que cubre os danos persoais e materiais que causen a terceiros durante a realización das prácticas durante o curso académico.
2. No caso de prácticas internacionais, con independencia da modalidade de prácticas, e para estadias superiores aos 90 días, o estudiantado terá que subscibir un seguro de accidentes que inclúa a repatriación. Do mesmo modo, se as prácticas se realizan nos Estados Unidos/Canadá deberán contratar un seguro de responsabilidade civil.

## Artigo 8. Requisitos do estudiantado solicitante

1. Para realizar as prácticas externas, as persoas solicitantes deberán:
  - a) Estar matriculadas nunha titulación oficial ou, de ser o caso, nun título propio da Universidade de Vigo.

- b) Estar matriculadas na materia vinculada segundo o plan de estudos de que se trate, co fin de cumplir as competencias básicas, xerais e específicas que adquirirán na súa realización e que neste se establezan (caso de prácticas curriculares).
  - c) **No caso de titulacións de grao**, ter superados o 50 % dos créditos necesarios para obter o título que estean cursando e seguir matriculadas na titulación durante o período da práctica (no caso de prácticas extracurriculares).
  - d) **No caso de titulacións de mestrado, ter superados o 50 % dos créditos necesarios para obter o título: Nestes casos non é necesario ter en conta os créditos asignados ás prácticas curriculares ou aos TFM.**
2. Durante o período de realización da práctica externa, o estudantado non poderá manter ningunha vinculación contractual coa entidade externa que o acolla ou, de ser o caso, coa propia Universidade de Vigo. **Atendendo á normativa de transferencia e recoñecemento de créditos da Universidade de Vigo**, o estudantado poderá recoñecer as prácticas a partir da súa experiencia laboral ou profesional. Excepcionalmente, o centro ou a comisión académica responsable poderán autorizar a realización das prácticas externas na mesma entidade, sempre que a/o estudante ocupe un posto diferente para o que estea contratado no momento de realizar as prácticas, e estas se realicen fóra do horario de traballo.
3. O establecido nos puntos anteriores non se lle aplicará ao estudantado que se encontre nalgunha destas situacións:
- a) Estea matriculado nun programa de doutoramento, xa que poden realizar as posibles estadiás en empresas ao abeiro dun programa de investigación.
  - b) Estea a cursar unha formación dual universitaria, titulacións que disporán dunha normativa propia.
  - c) O estudantado beneficiario dunha bolsa de formación en servizos, unidades ou outras dependencias da Universidade de Vigo.
4. No caso de que o estudantado en prácticas sexa nacional de países terceiros, aplicárselle a Directiva 2016/801/UE do Parlamento Europeo e do Consello, así como as instrucións da Dirección Xeral de Migracións sobre a transposición ao ordenamento xurídico español da citada directiva, no caso de prácticas. **Sempre que a práctica sexa remunerada e implique a alta na Seguridade Social (Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro), o estudantado estranxeiro terá que dispor da correspondente autorización da respectiva oficina de tramitación para cidadáns e cidadáns estranxeiros en Galicia. Ao abeiro do Real decreto-lei 2/2023, do 16 de marzo, para dar de alta na Seguridade Social o estudantado estranxeiro en prácticas, este terá que dispor da correspondente autorización da oficina de tramitación para a cidadanía estranxeira que lle corresponda.**

## Artigo 9 . Requisitos das entidades colaboradoras

1. Para participar no programa de prácticas externas da Universidade de Vigo a entidade colaboradora deberá cumplir, polo menos, os seguintes requisitos:
  - a) Realizar unha actividade económica ou profesional, sexa ou non lucrativa, e estar constituída legalmente baixo unha forma xurídica determinada.
  - b) Dispor das instalacións e dos medios adecuados para desenvolver as prácticas.
  - c) Dispor do persoal adecuado para tutorizar as prácticas (véxase o artigo 10).
  - d) Cumprir coas condicións de seguridade adoptadas polos seus servizos de prevención de riscos laborais ou autoridades competentes.
  - e) Cumprir co marco legal en materia de prácticas académicas externas.
  - f) Non estar incursa nun expediente de regulación de emprego (ERE) na data de inicio da práctica (entidades privadas). No caso de que a regulación sexa temporal, e só afecte a algúns departamentos en concreto, o estudantado podería realizar prácticas sempre que non se realicen nas áreas afectadas.
  - g) Garantir que cumplan cos anteriores requisitos e facilitarlle á Universidade de Vigo os informes que esta estime oportunos co fin de determinar a idoneidade da entidade colaboradora.
- 2. Para cumplir coas obrigas de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social do estudantado que realice**

prácticas académicas externas, e no caso das prácticas curriculares non remuneradas, a persoa titora na entidade externa deberá notificarlle ao titor/a académico calquera falta de asistencia por parte do/a estudiante.

3. No caso de que para executar o programa formativo da práctica se requira que o estudiantado realice parte da súa actividade en instalacións de entidades clientes daquela que acollen o estudiantado, esta circunstancia deberase reflectir no documento de formalización no plan formativo das prácticas.
4. As entidades colaboradoras deberán comprometerse a cumplir co plan formativo e a facilitar unha titorización efectiva, axustando o número máximo de estudiantes que poderán realizar prácticas simultaneamente na mesma entidade.
5. No seu caso, a Universidade de Vigo poderá solicitarles ás entidades colaboradoras os datos relativos á dimensión do seu cadro de persoal, segundo consta na relación nominal de traballadores/as (RNT).

## Artigo 10. Requisitos dos titores/as de prácticas externas

1. Para realizar as prácticas externas, o estudiantado contará con dúas persoas que actúan como titoras: unha que forme parte do PDI da propia Universidade de Vigo (tutoría académica) e outra externa, pertencente á entidade colaboradora (tutoría externa).
2. O tutor ou tutora académico deberá ser un/unha docente da Universidade de Vigo, con preferencia da propia facultade, escola ou centro universitario en que se atope matriculado o/a estudiante, en todo caso, así á titulación á que se vincula a práctica.
3. O tutor ou tutora externo, pertencente á entidade colaboradora, deberá estar vinculado con ela e contar con experiencia profesional e cos conocementos necesarios para realizar unha titorización efectiva e, agás nos casos excepcionais nos que a práctica se desenvolva de forma telemática, deberá estar destinada no propio centro de traballo onde se levan a cabo as prácticas. A persoa que actúe como tutora externa non poderá coincidir coa persoa que desempeña as funcións de tutorización académica na universidade.
4. A Universidade de Vigo, a través da unidade competente na materia, prestará apoio ás persoas titoras de estudiantado con discapacidade no desempeño das súas funcións, sempre que así o soliciten.

## Capítulo II. Organización e xestión das prácticas externas

### Artigo 11. Convenios de cooperación educativa

1. Antes de realizar as prácticas externas, a *Universidade de Vigo* deberá subscribir convenios de cooperación educativa coas entidades colaboradoras de acordo co establecido no artigo 7 do Real decreto 592/2014.
2. A Universidade de Vigo dispón de modelos de convenios de cooperación educativa, tanto para o ámbito nacional coma internacional, que establecen as bases da súa colaboración coas entidades nas que o estudiantado desenvolve as prácticas. Estes modelos de convenios:
  - Terán que estar aprobados polo Consello de Goberno e utilizaranse de xeito preferente para formalizar os acordos educativos coas entidades colaboradoras.
  - Establecerán o marco regulador das relacións entre o/a estudiante, a entidade colaboradora, a Universidade de Vigo e, no seu caso, a entidade encargada de xestionar as prácticas extracurriculares.
  - Establecerán as obrigas en materia da inclusión no réxime xeral da seguridade social ao abeiro da disposición adicional 52.a do Real decreto-lei 2/2023, do 16 de marzo, de medidas urxentes para a ampliación de dereitos dos pensionistas, a redución da fenda de xénero e o establecemento dun novo marco de sostibilidade do sistema público de pensións.
3. Así mesmo, a Universidade de Vigo coordinarase coas universidades correspondentes para establecer convenios que cubran as prácticas do estudiantado das titulacións interuniversitarias nos que participa. As prácticas do estudiantado das titulacións interuniversitarias nos que participe a Universidade de Vigo estarán cubertas por convenios de colaboración asinados entre todas as universidades participantes.
4. No caso de que as prácticas se desenvolvan en dependencias da Universidade de Vigo, subscribirase un acordo interno, ao abeiro do artigo 16 deste regulamento.

5. No caso de que a entidade colaboradora propoña un modelo propio de convenio, este deberá ser tramitado pola Universidade de Vigo como convenio específico, e antes de asinalo deberá contar cun informe favorable do Servizo de Asesoría Xurídica e, de ser o caso, de Control Interno.

## Artigo 12. Formalización, seguimento e acreditación

1. A Universidade de Vigo elaborará documentos tipo que facilten os procesos de formalización, seguimento e acreditación para desenvolver e xestionar as prácticas externas. O contido destes documentos, que se regulará nas instrucións de desenvolvemento deste regulamento, deberá axustarse ao establecido nos artigos 13, 14 e 15 do RD 592/2014, así como ás necesidades de cumprimento das obrigas de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social especificadas no RDL 2/2023.
2. No caso de que as prácticas se desenvolvan ao abeiro dun convenio específico, a súa xestión estará suxeita tanto ao indicado no punto anterior coma ao disposto de maneira específica neste convenio.
3. Ningún/ningunha estudiante poderá incorporarse a unha práctica externa sen que estea asinado o convenio de cooperación educativa ou o acordo interno polas partes e a documentación que formalice a realización da práctica externa.

## Artigo 13. Prácticas externas curriculares

1. Correspónelles aos centros docentes, ao centro responsable da formación permanente ou ás comisións académicas dos mestrados nos que os centros deleguen a xestión, baixo a ordenación legal vixente e coa aprobación da xunta de centro:
  - a) Establecer un regulamento propio de ordenamento das prácticas académicas externas curriculares do estudantado matriculado en calquera das súas titulacións.
  - b) Adoptar os acordos ou as decisións en relación coas prácticas externas, incluídas as derivadas do establecido no capítulo III deste regulamento.
  - c) Comunicarlle ao alumnado e, de ser o caso, ás entidades colaboradoras, os procedementos de cumprimento coas obrigas de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social
2. No regulamento propio de cada centro docente, de estudos propios ou de mestrado oficial, definiranse:
  - a) As responsabilidades de aprobar os contidos do proxecto formativo en que se concreta a realización de cada práctica académica externa, incluídos os obxectivos educativos, tendo en conta as competencias que adquirirá o estudantado e as actividades que desenvolverá. O proxecto formativo definirse de forma que asegure a relación directa das competencias adquiridas cos estudos nos que estea matriculado o estudantado.
  - b) O procedemento de oferta e de difusión das prácticas externas, o cal recollerá, na medida do posible, os seguintes datos:
    - Nome ou razón social da entidade colaboradora onde se realizarán as prácticas.
    - Centro de traballo, localidade e endereço onde terán lugar.
    - Datas de comezo e de fin das prácticas, así como a súa duración en horas.
    - Modalidade das prácticas (presencial, en liña ou semipresencial).
    - Dedicación diaria ou xornada e horario asignado, atendendo ao artigo 6 deste regulamento.
    - Plan formativo: obxectivos educativos, actividades e competencias para desenvolver.
    - A existencia, no seu caso, dunha bolsa ou axuda de estudos dalgúnha forma de remuneración para o estudantado e a forma da súa satisfacción.
  - c) O procedemento de elección e de adxudicación de prácticas, sempre que nas entidades colaboradoras estean aseguradas tanto as medidas de accesibilidade universal coma as referidas ao transporte para o traslado do estudantado, neste procedemento outorgáráselle prioridade ao estudantado con discapacidade.
  - d) O procedemento de adxudicación do profesorado titor académico de prácticas.
  - e) O proceso para realizar e entregar os informes e a memoria final, de acordo co establecido no artigo 18 deste regulamento.
  - f) O proceso para avaliar e cualificar as prácticas externas, de acordo co recollido no artigo 18 deste regulamento.

- g) No caso de prácticas optativas, o número máximo de prácticas anuais.
3. As prácticas externas curriculares disporán da súa guía docente nas mesmas condicións ca calquera outra materia, segundo a normativa da Universidade de Vigo.
  4. A Xerencia, a través das relacions de postos de traballo do persoal de administración e servizos, establecerá, na medida do posible, poderá establecer as unidades responsables da xestión administrativa das prácticas curriculares nos centros docentes.

#### **Artigo 14. Prácticas externas extracurriculares**

1. A Universidade de Vigo poderá encargarlle tramitar, xestionar e difundir as prácticas extracurriculares a unha entidade xestora mediante o correspondente encargo de xestión.
2. O procedemento de oferta e de difusión das prácticas externas extracurriculares entre o estudiantado ao que sexan destinadas recollerá, na medida do posible, os seguintes datos:
  - Nome ou razón social da entidade colaboradora onde se realizará a práctica.
  - Centro de traballo, localidade e endereço onde terán lugar.
  - Datas de comezo e de fin das prácticas, así como a duración en horas.
  - Modalidade das prácticas (presencial, en liña ou semipresencial).
  - **Dedicación diaria ou xornada e horario asignado, atendendo ao artigo 6 deste regulamento**
  - Plan formativo: obxectivos educativos, actividades e competencias que se desenvolverán.
  - A existencia, no seu caso, dunha bolsa ou axuda de estudos **dalgúnha forma de remuneración** para o estudiantado e a forma da súa satisfacción.
3. A Universidade de Vigo elaborará o procedemento específico polo que se rexerán as prácticas externas extracurriculares e que recollerá:
  - A duración máxima e mínima.
  - A adxudicación do estudiantado na entidade colaboradora
  - A adxudicación do profesorado titor académico de prácticas.
  - As responsabilidades na realización e na aprobación do plan formativo.
  - As normas relativas á remuneración que se poida percibir.
  - A realización e entrega dos informes e, no seu caso, da memoria final.
  - A avaliación das prácticas e a redacción dos correspondentes informes de valoración.

#### **Artigo 15. Organización e programación temporal**

1. Con carácter xeral, e de cara ao seu reflexo nos expedientes académicos, no suplemento europeo ao título, e en calquera outro documento acreditativo, a organización docente das prácticas externas farase no sistema ECTS. No caso das prácticas curriculares, o traballo autónomo do estudiantado terá a duración sinalada no plan de estudos.
2. A Universidade de Vigo aprobará as instrucións específicas necesarias para establecer os termos nos que se desenvolverán as prácticas, recollendo as cuestións que non se teñan en conta nos plans de estudio no caso de prácticas curriculares, e as normas específicas que rexerán a realización de prácticas extracurriculares.
3. No caso de ofertarse prácticas co dobre carácter curricular e extracurricular, o estudiantado que realice prácticas curriculares terá preferencia para a súa adxudicación.

#### **Artigo 16. Prácticas en centros, servizos e unidades propios dependencias propias da Universidade de Vigo**

1. Os **centros** servizos e as unidades administrativas propias da Universidade de Vigo poderán acoller en prácticas estudiantes da propia universidade, **sempre que estas prácticas sexan curriculares** e teñan un obxectivo exclusivamente formativo.  
**Os centros inclúen os centros singulares de investigación, centros de apoio á investigación, as entidades vinculadas e as agrupacións estratégicas. Salvo os mestrados nos que a adquisición e o desenvolvemento de competencias de investigación estean recollidas na memoria do título e a súa comisión académica así o considere, exclúense os grupos de investigación.**

2. Os grupos e os centros de investigación tamén poderán acoller alumnado dos graos e mestrados nos que a adquisición e o desenvolvemento de competencias de investigación estean recollidas na súa memoria do título. Os centros de investigación inclúen os centros singulares de investigación, centros de apoio á investigación, as entidades vinculadas e institutos de investigación.
3. Os servizos, as unidades administrativas e, de ser o caso, os grupos de investigación da Universidade de Vigo poderán acoller estudiantado únicamente para realizar prácticas curriculares. Salvo unha causa xustificada, só se aceptarán prácticas extracurriculares nas dependencias da Universidade de Vigo nestes servizos, unidades e grupos cando aquelas deriven de compromisos adquiridos por medio dun convenio.
4. A Xerencia deberá ter constancia de todas as incorporacións de estudiantes en prácticas, incluíndo datas de inicio e de fin do período en prácticas. Para isto, ao final de cada cuatrimestre cada centro, servizo ou unidade enviará á vicerreitoría competente a asignación definitiva de estudiantado en prácticas. Esta vicerreitoría tamén lle remitirá a listaxe deste estudiantado á Sección de Axudas e Bolsas co obxecto de cumplir coas obrigas establecidas na lexislación vixente en materia de seguridade social, de ser o caso.
5. No caso de que nunha dependencia da Universidade de Vigo non recollida nos puntos anteriores surda a posibilidade de que o estudiantado poida desenvolver as súas prácticas, estas rexeranse polos seguintes criterios:

  - a) Como norma xeral, non se poderá acoller estudiantado para desenvolver actividades de investigación (competencia que adquieren coa realización do traballo de fin de estudos) nin dar apoio a actividades docentes, tales como a propia docencia, os traballos de campo, a elaboración de material docente, o control ou a vixilancia de salas etc.
  - b) A viabilidade destas prácticas consultaráselle á Xerencia tras valoralo a comisión xeral de prácticas externas da Universidade de Vigo (artigo 17).
6. Para realizar prácticas académicas externas en dependencias propias da Universidade de Vigo, deberá asinarse un acordo interno entre o/a responsable académico do centro ou da comisión académica do mestrado correspondente e a persoa responsable da dependencia que acolle o/a estudiante. No suposto de servizos e de unidades administrativas, este acordo será revisado pola Xerencia e, no resto dos casos (grupos ou centros de investigación), pola vicerreitoría competente en materia de prácticas externas. A persoa que actúe como titor/a de cada dependencia informará o titor/a académico de calquera incidencia que ocorra durante as prácticas do estudiantado.

### Artigo 17. Comisión xeral de prácticas académicas externas

1. Existirá unha comisión xeral de prácticas académicas externas formada por persoal con vinculación ou competencias en materia de prácticas externas e mais por cargos electos dos diferentes colectivos da comunidade universitaria, como segue:

  - a) Vicerreitoría con competencias en materia de prácticas académicas externas, ou persoa en quien delegue.
  - b) Director/a da Unidade de Emprego e Emprendemento, ou persoa en quien delegue.
  - c) Director/a da entidade xestora de prácticas extracurriculares, ou persoa en quien delegue (caso de prácticas extracurriculares).
  - d) Dúas persoas de distintas áreas de coñecemento que desempeñen as funcións de coordinación de prácticas externas en centros docentes nomeadas polo reitor/a por proposta do Consello de Goberno, ou persoas en quien deleguen.
  - e) Un/unha PAS, nomeado polo reitor/a por proposta do Consello de Goberno, sempre que forme parte das unidades responsables da xestión administrativa das prácticas curriculares nos centros docentes.
  - f) Unha persoa representante do estudiantado, nomeado polo reitor/a por proposta do Consello de Goberno.
2. Poderán crearse subcomisións para estudar e para desenvolver aspectos concretos relacionados coas prácticas ou de interpretación normativa, así como unha subcomisión executiva para os asuntos que

a comisión considere.

3. Serán funcións da comisión xeral de prácticas académicas externas:

- a) Resolver as cuestións excepcionais ou concretas que poidan xurdir no desenvolvemento dos programas de prácticas e non estean recollidas nas normativas ou nas instrucións respectivas.
- b) Formular propostas de mellora e ter coñecemento do desenvolvemento e do cumprimento dos obxectivos dos programas formativos.
- c) Valorar os feitos e as circunstancias alegados, e emitir informes sobre a súa procedencia cando:
  - O estudiantado teña unha vinculación contractual coa entidade, de acordo co artigo 8, e sempre que o centro ou a comisión académica responsable así o soliciten ou a decisión sexa recorrida por algunha das partes.
  - O estudiantado que queira realizar as prácticas nunha dependencia ou centro da Universidade de Vigo non recollida no artigo 16.
  - Exista unha denuncia dun convenio, de acordo co artigo 20.
- d) Cantas outras sexan oportunas ou necesarias para desenvolver este regulamento.

### Capítulo III. Efectos académicos e recoñecemento

#### Artigo 18. Avaliación da práctica

1. Para avaliar e cualificar as prácticas, curriculares ou extracurriculares, o titor/a académico cubrirá o correspondente informe de valoración final e terá en conta o informe do titor/a na empresa colaboradora ou institución, e a memoria elaborada por cada estudiante.
2. No caso de prácticas curriculares, as guías docentes reflectirán o procedemento de avaliación e de cualificación.

#### Artigo 19. Efectos académicos e recoñecementos

1. As prácticas curriculares incorporaranse ao expediente de modo directo, ao ser unha materia do plan de estudos no que o estudiantado debe estar matriculado.
2. Sempre que o estudiantado o solicite, que a duración e o proxecto formativo se axuste ao estipulado no plan de estudos, e que se cumpla ca presente normativa de prácticas académicas externas, as prácticas extracurriculares e as estadías derivadas tanto de bolsas de formación en dependencias como, de ser o caso, de bolsas de colaboración con grupos de investigación da Universidade de Vigo, poderán recoñecerse e incorporaranse ao expediente académico como prácticas externas curriculares ou como unha materia optativa.
3. A Universidade de Vigo establecerá, a través dos seus centros docentes ou, no seu caso, da entidade encargada de xestionar as prácticas extracurriculares, tanto a forma de recoñecemento das prácticas extracurriculares do estudiantado coma das persoas titoras.

### Capítulo IV. Resolución de conflitos

#### Artigo 20. Rescisión anticipada das prácticas e denuncia dos convenios de cooperación

1. Cada estudiante poderá comunicarlle ao titor/a académico, ou de ser o caso á entidade encargada da súa xestión, calquera incidencia nas condicións de desenvolvemento das prácticas.
2. As prácticas poderanse rescindir de forma unilateral tanto polo/a estudiante coma pola entidade colaboradora en calquera momento, sempre e cando exista xustificación. A rescisión debe comunicarse segundo o modelo propio elaborado pola Universidade de Vigo para este fin, indicando as causas que xustifican a citada rescisión.
3. Por incumprimento do establecido neste regulamento ou por vulneración das normas vixentes en cada caso, a Universidade de Vigo resérvase a facultade de revogar a participación no programa de prácticas

- externas tanto para un/unha estudiante coma para a entidade colaboradora.
4. No caso de incumprimento do convenio por parte de calquera das partes asinantes, estas poderán iniciar un procedemento de denuncia á vicerreitoría competente en materia de prácticas. Para isto, achegará un escrito motivado xunto con toda a documentación acreditativa dos termos nos que se basea a súa solicitude. Unha vez recibida, a vicerreitoría convocará a comisión xeral de prácticas académicas externas para que valore os feitos e as circunstancias alegados, e emitirá un informe sobre se procede ou non denunciar o convenio. Se o informe é favorable, a súa denuncia enviaráselle como proposta ao reitor/a, quen resolverá.

## Capítulo V. Calidade e protección de datos

### Artigo 21. Garantía de calidad das prácticas externas

1. As accións para garantir a calidad das prácticas que realiza o estudiantado recóllense nun procedemento específico do sistema de garantía interna de calidad dos centros docentes da Universidade de Vigo.
2. De acordo con este sistema, tanto os centros docentes coma as entidades colaboradoras deben de garantir que as persoas titoras veñen polo correcto desenvolvemento das prácticas e revisen a súa planificación.
3. Para solicitar o recoñecemento de créditos, o estudiantado das prácticas deberá presentar obligatoriamente o certificado acreditativo de realización de prácticas académicas, para o cal se precisa cubrir previamente a enquisa de satisfacción segundo o modelo elaborado pola Universidade de Vigo para este fin.

### Artigo 22. Protección de datos

1. A sinatura do Convenio de cooperación educativa de prácticas externas implica aceptar o contido deste regulamento e autorizar que os datos persoais do estudiantado e os contactos da entidade colaboradora se utilicen e incorporen nos ficheiros da Universidade de Vigo, segundo a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
2. A utilización dos datos do alumnado farase co único fin de xestionar correctamente as prácticas e de poder facer un seguimiento tanto ao acceso ao mercado laboral coma á inserción do estudiantado. No caso dos datos proporcionados polas entidades colaboradoras, a utilización dos datos farase co fin de tramitar os convenios de cooperación educativa necesarios para realizar prácticas externas por parte do estudiantado, difundir as súas ofertas de emprego e bolsas de formación práctica e informar de calquera outra actuación referida á mellora da empregabilidade de estudiantes e titulados/as da Universidade de Vigo.

## Disposiciones adicionais

### Disposición adicional primeira. Instruccións

Facúltase á vicerreitoría responsable das prácticas externas no ámbito das súas competencias para ditar cantas instruccións resulten aplicables e desenvolver a presente normativa.

### Disposición adicional segunda. Contacto habitual con menores de idade

No caso de que as prácticas externas impliquen o contacto habitual con menores de idade, o estudiantado terá a obriga de achegar unha certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais, de acordo co requisito previsto no artigo 13.5 da Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia antes de incorporarse á entidade colaboradora. Na medida en que a universidade vaia incorporando centros na plataforma de intermediación de datos (PID) do Ministerio de Xustiza, será a universidade a encargada de consultar esta información sempre que non exista oposición por parte da persoa interesada.

## Disposición transitoria

Os convenios asinados con anterioridade á entrada en vigor do presente regulamento, que conteñan estipulacións contrarias aos preceptos deste, deberán axustarse ao novo regulamento e renovaranse a medida que se incorpore novo estudiantado en prácticas.

No caso dos centros docentes, nos que a entrada en vigor deste regulamento se inicia co proceso de oferta, difusión e adxudicación de prácticas externas curriculares, poderán desenvolver o proceso de acordo co anterior regulamento de prácticas académicas externas do estudiantado da Universidade de Vigo.

## Disposición final

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte de publicarse no taboleiro electrónico da Universidade de Vigo tras aprobalo o Consello de Goberno.



